



CONCELLO DE BUEU

ANUNCIO RESOLUCIÓN ALEGACIONES E RESULTADO DEFINITIVO DO CONCURSO DE MÉRITOS DO PROCESO ESTABILIZACIÓN POSTO DE ASESOR XURÍDICO DE SERVICIOS SOCIAIS (09.00.00.05)

Acta da II sesión ordinaria do procedemento selectivo para a realización do Concurso de méritos do proceso de estabilización de Asesor Xurídico de servizos sociais (09.00.00.05)

ORDE DO DÍA

1.- Estudio e resolución de alegacións presentadas á fase de concurso de méritos do posto de Asesor xurídico de Servizos Sociais (09.00.00.05)

O presidente declara aberta a sesión ás 10.16 horas do expresado día ao atoparse a totalidade dos membros titulares do tribunal, nomeados por Resolución da Alcaldía 1191/2024 de 10 de xullo relativa ao nomeamento dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo así como da lista definitiva de admitidos e excluídos para o proceso de estabilización **do posto de Asesor xurídico de Servizos Sociais (09.00.00.05)**.

Presentáronse durante o periodo de anuncio de exposición pública dos resultados provisionais do concurso de méritos unha única alegación en tempo e forma, polo que son admitidas a trámite pasando ó seu estudio e resolución

ÚNICA.- MINERVA GARCÍA PEÓN

*a) alega que leva desempeñando os seus servizos para a Administración Xeral do Estado, como **letrada habilitada** da Abogacía do Estado dende **xaneiro de 2009 ata a data da solicitude de participación, tendo aportada a habilitación con data do seu outorgamento ... sen que se teña procedido a puntuar dita prestación de servizos***

O Tribunal constata como di a alegante que desempeñou os seus servizos como “habilitada”, e neste senso non atopa acreditada na vida laboral aportada no período invocado a súa relación funcional e/ou laboral coa Administración para a que se di habilitada, e polo tanto, a súa falta de cotización, incluso na certificación emitida polo Secretario xeral da Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra dise expresamente **mantén un contrato de prestación de servizos como habilitada**, isto é, contrato de servizos e non como funcionaria e/ou persoal laboral da Administración Pública como tamén recolle o artigo 68 do Decreto 997/2003 (actualmente derogado) respecto dos Letrados habilitados.

Así pois, a relación de licenciada habilitada coas administracións invocadas foron en prestación de servizos sen relación laboral con ditas administracións e de conformidade co artigo 308.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do sector público e coa base 9.2 relativa ós méritos profesionais, neste senso o Tribunal desestima a alegación prestada

b) alega que debería térselle outorgado 0,1 punto relativo a titulación superior á esixida coa realización de dous máster, un en avogacía e outro en xestión e dirección laboral



O tribunal visto o extracto de expediente académico de que se trata (documento 18) entende que o máster é unha especialización e non unha titulación superior e, en consecuencia acorda inadmitir a alegación presentada.

c) alega un erro de cálculo na puntuación da aspirante, Dna. María Montserrat González García no senso de que a suma de 0,90 puntos de méritos profesionais sumados ós 10 puntos doutros méritos son 10,90 puntos e non 100 como se lle outorgan.

O secretario do Tribunal reconece o erro formal cometido no senso de que son 90 puntos máximos acadados polos méritos profesionais da citada aspirante a razón de 0,90 puntos por mes completo polos servizos prestados na entidade local convocante da praza, isto é, no Concello de Bueu (Pontevedra) que sumados a outros dez puntos de “outros méritos” en consecuencia suman 100 puntos totais, e de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2025, o Tribunal estima alegación e procede á rectificación sinalada quedando como segue:

Nº	Aspirantes	DNI	CELGA	Méritos profesion al	Outros Méritos (Cursos)	Titulación superior á esixida	Total
01	GARCIA PEÓN, MINERVA	***3968**	SI	3,2	10	0	13,2
02	GONZÁLEZ GARCÍA, MARÍA MONTSERRAT	***4712**	SI	90	10	0	100
03	PARENTE RIVERA, MANUELA	***7892**	SI	0	10	0	10

PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DO CONCELLO DE BUEU DUN POSTO DE ASESOR XURÍDICO DE SERVIZOS SOCIAIS (09.00.00.05)

Visto canto antecede, o Tribunal propón a contratación como persoal laboral fixo para o posto de asesor xurídico de servizos sociais a

Nº	Aspirantes	DNI	CELGA	Méritos profesion al	Outros Méritos (Cursos)	Titulación superior á esixida	Total
02	GONZÁLEZ GARCÍA, MARÍA MONTSERRAT	***4712**	SI	90	10	0	100

O Tribunal tendo en conta as bases do proceso estabilización de emprego do Concello de Bueu na súa *base décimo terceira.- Elaboración de listaxe de reserva ou de agarda: 1.- Normas xerais: obxecto, elaboración, aprobación e publicidade.*



Incluíranse na listaxe de reserva segundo a mesma orde de puntuación que obtivesen no proceso selectivo, as persoas opositoras que non obteñan praza e cumpran os seguintes requisitos:

Para os procesos por concurso: obter unha puntuación superior a 40 puntos na fase de concurso.

*Segundo o indicado na base décimo terceira ningún/ha dos/as aspirantes obtivo a puntuación requirida (superior a 40 puntos) **non se procede a elaboración da lista de reserva ou garda.***

Os/as aspirantes propostos/as deberán achegar no prazo máximo de **5 días hábiles** dende a proposta de contratación a seguinte documentación:

**Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que o/a inhabilite para o desenvolvemento das funcións propias da praza.*

**Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, e non atoparse en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.*

**Número de afiliación á Seguridade Social /copia tarxeta sanitaria.*

**Número de conta para o ingreso da nómina.*

Se dentro do prazo indicado, e salvo supostos de forza maior, o/a candidato/a proposto/a non presentase a súa documentación ou non reunira os requisitos esixidos para ser contratado, éste decaerá nos seus dereitos e quedarán anuladas todas as actuacións realizadas a favor do mesmo sen prexuízo das responsabilidades nas que puidera incorrer por falsidade na instancia.

Para o suposto de que algún dos/as candidatos inicialmente propostos/as (ou os/as sucesivos seguintes) renunciase á contratación ou non reunira os requisitos esixidos na convocatoria, trasladarase a proposta de contratación a favor do/a seguinte aspirante (ou se é o caso, dos seguintes aspirantes) que maior puntuación obtivese de acordo coa resultante da cualificación final obtida polos aspirantes e que tivera superada a proba.

Presentada a citada documentación os/as aspirantes propostos/as serán contratados coma persoal laboral fixo a xornada completa.

E non sendo outro o obxecto da sesión e de todo o que eu como secretario do tribunal dou fe e certifico.

